| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | PRIMARIA:<br>Valorarei nun 60% a 1ª avaliación e nun 40% a 2ªavaliación. Ademais valorarei nun 10% a 3ª avaliación, xa que conta unicamente en positivo. |
| | INFANTIL E PRIMARIA:<br>Terei en conta todo o traballado na clase nas dúas primeiras avaliacións e, sempre positivamente, o traballo que fixeron dende as súas casas, debido o confinamento. |
| **Cualificación final** | PRIMARIA:<br>A cualificación final de curso será a suma de todas as avaliación, a través do procedemento nomeado anteriormente. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | En Primaria non contemplamos esta medida. |
| **Alumnado de materia pendente** | Non se dá o caso en Primaria de alumnado con materia "pendente" como tal. |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades que se propoñen dende a materia de Relixión ao longo deste trimestre son principalmente de consolidación, reforzo e repaso do construído durante o 1º e o 2º trimestre.<br>Non obstante estas tarefas tamén se acompañan de propostas de ampliación sobre aspectos xa coñecidos. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todos os luns se publican na web as tarefas propostas para a semana organizadas por curso, tanto para o alumnado de primaria como de infantil.<br>Estas constan de:<br>- Actividades variadas sobre contidos diversos (debuxos para colorear, fichas para relacionar, para completar, sopas de letras,...) en folios que poden imprimir ou solicitar ao Concello a súa impresión, adaptadas á idade e coñecementos previos do alumnado.<br>- Vídeo variados (sobre a vida de Xesús, Querubín,...).<br>O alumnado con conectividade accede directamente á web e dende alí olla as propostas da semana, que non é necesario imprimir.<br>Ao alumnado sen conectividade envíaselle a través do teléfono móbil (vía whatsapp) os documentos PDF coa proposta de tarefas para a súa visualización e realización. Neles inclúense os enlaces para que poidan acceder aos recursos web, vídeos,... |
| **Materiais e recursos** | Os materiais empregados son materiais elaborados por min, adaptados a idade e ás diferentes situacións.<br>Material para o alumnado:<br>- Libreta de relixión e/ou folios.<br>- Material elaborado polo propio profesorado para a realización das diferentes actividades (que se pode consultar na web do centro todos os luns e que o Concello lles achega impreso se o solicitan)<br>- Vídeos aos que poden acceder dende distintos positivos electrónicos como tabletas, ordenadores, móbiles. |